

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL E MARIÑO

**8228** *Real decreto 556/2011, do 20 de abril, para o desenvolvemento do Inventario español do patrimonio natural e da biodiversidade.*

Durante as últimas décadas tivo lugar un incremento da conciencia e o coñecemento ambiental en España, así como a aparición de normas reguladoras dos recursos naturais, dos seus usos e da súa conservación que, en moitos casos, emanaron da normativa comunitaria. En paralelo, multiplicouse no ámbito internacional e nacional a demanda de información técnica de calidade acerca dos elementos do patrimonio natural e da biodiversidade, o seu estado, presións, usos, impactos e as actuacións para a súa mellora. A aplicación de certos instrumentos -como a avaliación do impacto ambiental ou a avaliación ambiental estratéxica- así como a imprescindible planificación para a protección e xestión do territorio e dos elementos bióticos e abióticos que o integran, require dispoñer da mellor información actualizada. O desenvolvemento de novas tecnoloxías para o almacenamento, manexo e referencia xeográfica dos datos contribuíu a mellorar a súa calidade simplificando e xeneralizando o seu uso na sociedade da información.

Para que os cidadáns poidan gozar do dereito dun ambiente saudable, respectalo e protexelo, deben poder coñecer o valor e a diversidade do seu patrimonio natural. Para iso, establécense os mecanismos necesarios para que se poida acceder á información que estea en poder das administracións públicas, segundo o disposto na Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente.

Consciente destas circunstancias, a Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, de acordo co artigo 45 da Constitución española, articula, por primeira vez no noso ordenamento, a creación dun instrumento para o coñecemento do medio natural en España cun marcado carácter xeneralista. Trátase do Inventario español do patrimonio natural e da biodiversidade, que dota así o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, tal e como establece o artigo 5.2.e) da lei, «das ferramentas que permitan coñecer o estado de conservación do patrimonio natural e da biodiversidade e as causas que determinan os seus cambios, para deseñar as medidas que proceda adoptar».

A competencia para desenvolver o Inventario español recae, segundo o Real decreto 1130/2008, do 4 de xullo, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, na Dirección Xeral de Medio Natural e Política Forestal.

O Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, xunto coas comunidades e cidades autónomas, impulsará a participación de cantos axentes contribúan á produción ou desenvolvemento do Inventario.

O Inventario español do patrimonio natural e da biodiversidade, no sucesivo o Inventario, está integrado por tres instrumentos: por unha parte, os seus compoñentes básicos como inventarios, catálogos, rexistros, listaxes e bases de datos; por outro lado, un sistema de indicadores que nos permita avaliar de forma sintética o seu estado e evolución; e, como resumo de todo iso, un informe anual.

O Inventario concíbese cun carácter holístico, é dicir, un todo distinto á suma das partes que o compoñen. Para iso identificáronse aqueles compoñentes que aparecen citados no acervo lexislativo a nivel internacional, europeo ou nacional. En concreto, inclúe todos os enunciados no artigo 9.2 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, relativos ao patrimonio natural e á biodiversidade, estando algúns deles recollidos na súa lexislación

específica, como ocorre coa información forestal regulada pola Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes.

Os compoñentes agrúpanse en ecosistemas, fauna e flora, recursos xenéticos, recursos naturais, espazos protexidos e/ou de interese e efectos negativos sobre o patrimonio natural e da biodiversidade e outros temas relacionados. Establécense os mecanismos para que no futuro se poidan incorporar aqueles que contribúan ao cumprimento dos obxectivos da Lei 42/2007, do 13 de decembro.

No anexo I describíronse as características principais de todos os compoñentes, identificándose no anexo II os prioritarios para o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño. Trátase de información básica que identifica o territorio ou as especies presentes nel, para coñecer a situación do patrimonio natural e da biodiversidade desde un punto de vista descritivo.

Aplicando as tecnoloxías da información dispoñibles na actualidade, constitúese un sistema integrado de información para o almacenamento, a harmonización, a calidade e a posta en común da información relativa ao patrimonio natural e á biodiversidade.

De acordo coa Directiva 2007/2/CE do Parlamento e do Consello, do 14 de marzo de 2007, pola que se establece unha infraestrutura de información espacial na Comunidade Europea (INSPIRE), e coa súa norma de incorporación ao ordenamento xurídico español, a Lei 14/2010, do 5 de xullo, sobre as infraestruturas e os servizos de información xeográfica en España, créase o nodo sectorial sobre o medio natural e a biodiversidade denominado infraestrutura de datos espaciais do medio natural (IDENAT). Crearanse servizos de información no ámbito estatal, sen prexuízo da súa interoperabilidade con outros sistemas análogos dispoñibles noutras administracións públicas.

Por outra parte, dentro do Inventario intégrase un sistema de indicadores, que se inspira nos sistemas internacionais máis relevantes na materia: en concreto, no desenvolvido no marco do Convenio de diversidade biolóxica, de Río de Xaneiro (xuño de 1992), ratificado en 1993 por España, e no elaborado pola Axencia Europea de Medio Ambiente. O sistema de indicadores facilita unha síntese dos extensos contidos do Inventario español, permitindo xerar, en calquera momento, información sobre o estado de conservación e uso do noso patrimonio natural e da nosa biodiversidade.

Todo iso plásmase anualmente nun informe sobre o estado do patrimonio natural e da biodiversidade, cuxa presentación á Conferencia Sectorial de Medio Ambiente supón asegurar a cesión dos seus contidos ás administracións xestoras do territorio en España.

Son aspectos fundamentais que se recollen neste regulamento a coordinación e a cooperación entre as administracións públicas para alcanzar os obxectivos do Inventario. Para iso créase o Comité do Inventario, órgano adscrito á Comisión Estatal do Patrimonio Natural e da Biodiversidade.

Este regulamento desenvolve o capítulo I do título I da Lei 42/2007, do 13 de decembro, e supón un importante impulso á aplicación do disposto no artigo 7 do Convenio de diversidade biolóxica.

Na tramitación deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas do sector afectado.

O texto foi igualmente posto á disposición do público, de acordo co previsto no artigo 16 da Lei 27/2006, do 18 de xullo.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, coa aprobación previa da ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 15 de abril de 2011,

DISPOÑO:

## CAPÍTULO I

### Disposicións xerais

#### Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto regula o Inventario español do patrimonio natural e da biodiversidade, desenvolvendo o seu contido, estrutura e funcionamento, de acordo co establecido no capítulo I do título I da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade.

#### Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto, serán de aplicación as definicións contidas no artigo 3 da Lei 42/2007, do 13 de decembro. Ademais, entenderase por:

1. Atlas: referido a taxons e hábitats, instrumento que recolle a súa distribución, seguindo algún criterio xeográfico, ademais doutras informacións adicionais cando se dispón delas, como a súa abundancia absoluta ou relativa.

2. Catálogo ou listaxe: instrumento público de carácter administrativo no que se inscriben, describen e, se é o caso, regulan e tutelan elementos integrantes do patrimonio natural e da biodiversidade.

3. Compoñente prioritario: aquel considerado de referencia para o resto dos compoñentes e base das estatísticas e informes nacionais e internacionais elaborados polo Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño.

4. Dato espacial: calquera que, de forma directa ou indirecta, faga referencia a unha localización ou zona xeográfica específica.

5. Indicador: parámetro, ou valor derivado doutros parámetros que expresa sinteticamente o estado dun ou máis elementos do patrimonio natural e da biodiversidade. Proporciona información e describe o estado dun fenómeno cun significado engadido maior que o directamente asociado ao seu propio valor, de forma que poida ser transmitido ao conxunto da sociedade, incorporado aos procesos de toma de decisións e integrado a escala supranacional.

6. Índice: conxunto agregado ou ponderado de parámetros ou indicadores que, pola súa vez, pode ser empregado como indicador.

7. Inventario: documento de carácter técnico que contén a distribución, abundancia, estado de conservación e utilización dun ou máis elementos terrestres e mariños integrantes do patrimonio natural e da biodiversidade.

8. Inventario español do patrimonio natural e da biodiversidade: instrumento público onde se integran os inventarios, catálogos, listaxes e indicadores que recollen a distribución, abundancia, estado de conservación e utilización dos elementos terrestres e mariños integrantes do patrimonio natural e da biodiversidade, así como o sistema integrado de información, os informes xerados e toda aquela información adicional que considere relevante o Comité do Inventario, a que fai referencia a disposición adicional primeira deste real decreto. O dito inventario incluírá os datos que constan nos rexistros xestionados polo órgano competente das comunidades e cidades autónomas.

9. Lista vermella: documento técnico que contén a lista patrón dun grupo taxonómico e na cal cada especie leva asignada a categoría de estado de conservación de acordo co sistema desenvolvido pola Unión Internacional para a Conservación da Natureza (UICN) ou, no seu defecto, pola mellor información dispoñible.

10. Libro vermello: lista vermella que inclúe unha ficha con información sobre cada unha das especies.

11. Metadatos: información que describe os datos, os servizos, os informes e os indicadores facendo posible localizalos, inventarialos e utilízalos.

12. Sistema de información: conxunto de elementos informatizados de acordo cun almacenamento estruturado que permite o acceso, as relacións entre os seus elementos, a posta en común e a interoperabilidade con outros sistemas.

13. Valores de referencia: referido a indicadores, son os que, empregando os mellores coñecementos científicos e técnicos dispoñibles para a súa precisión, permiten considerar que os elementos do patrimonio natural e da biodiversidade se atopan nun estado de conservación ou uso adecuado, non comprometendo a súa supervivencia nin o seu uso sustentable futuro.

14. Limiar: referido a un indicador e empregando os mellores coñecementos científicos e técnicos dispoñibles para a súa precisión, é o valor límite, que non se debe superar nun período determinado para garantir que o estado de conservación ou uso sustentable do elemento do patrimonio natural e da biodiversidade a que se refira o indicador é o adecuado.

15. Autoridade competente: órgano competente de cada comunidade ou cidade autónoma, salvo nos casos en que expresamente se refira á Administración xeral do Estado ou a algúns dos seus órganos.

### Artigo 3. *Finalidade e ámbito territorial.*

1. A finalidade deste real decreto é crear o instrumento que permita dispoñer dunha información obxectiva, fiable e comparable, o máis actualizada posible, en todo o ámbito territorial, que permita identificar e coñecer o patrimonio natural e a biodiversidade, o seu estado e tendencias, todo iso para:

- a) Fundamentar a elaboración e aplicación de políticas e accións en materia de conservación, xestión e uso sustentable.
- b) Difundir os valores do patrimonio natural e da biodiversidade á sociedade no seu conxunto.
- c) Contribuír como fonte de información para atender os compromisos internacionais subscritos polo Estado español.

2. O seu ámbito territorial comprende o territorio nacional e as augas mariñas baixo soberanía ou xurisdición nacional, incluíndo a zona económica exclusiva e a plataforma continental.

### Artigo 4. *Principios.*

O Inventario español do patrimonio natural e da biodiversidade rexerese polos seguintes principios:

- a) Difusión: a información deberá poñerse á disposición dos cidadáns, e facilitar a súa busca, visualización e descarga, utilizando para iso os soportes tecnolóxicos que mellor permitan a súa difusión e dispoñibilidade; conforme o establecido pola Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente.
- b) Rigor técnico: todos os datos integrados no Inventario serán recollidos conforme unha metodoloxía que garanta, con validez científico-técnica demostrable, a harmonización no ámbito nacional e, se é o caso, europeo.
- c) Coherencia: deberá existir coherencia entre os diferentes compoñentes do Inventario, canto a contido, datos e nomenclatura.
- d) Interoperabilidade cos sistemas equivalentes de ámbito europeo, paneuropeo ou global, entendida como a capacidade dos sistemas de información e, por tanto, dos procedementos a que estes dan soporte, de compartir datos e posibilitar o intercambio de información e coñecemento entre eles.

## CAPÍTULO II

### Estrutura e contido do Inventario

Artigo 5. *Instrumentos do Inventario español do patrimonio natural e da biodiversidade.*

Para efectos do previsto neste real decreto, o Inventario español do patrimonio natural e da biodiversidade conta cos seguintes instrumentos:

- a) Compoñentes que se xestionarán nun sistema integrado de información.
- b) Indicadores que permitan analizar sinteticamente as súas principais características.
- c) Informe anual sobre o estado e evolución do patrimonio natural e da biodiversidade.

Artigo 6. *Compoñentes do Inventario español do patrimonio natural e da biodiversidade.*

1. O Inventario español do patrimonio natural e da biodiversidade incluírá, cando menos, compoñentes tales como mapas, inventarios, listaxes ou catálogos polos cales se recolle información relativa ás materias que se enumeran a continuación, cuxas características se describen no anexo I, prestando especial atención aos elementos do patrimonio natural e da biodiversidade que precisen medidas específicas de conservación ou que fosen declarados de interese comunitario:

- a) Ecosistemas: incluírán os instrumentos que describen as comunidades dos seres vivos cuxos procesos vitais se relacionan entre si e se desenvolven en función dos factores físicos dun mesmo ambiente.
- b) Fauna e flora: incluírán os instrumentos que describen a distribución, abundancia e estado de conservación da biodiversidade mariña e terrestre.
- c) Recursos xenéticos: recollerán a información cuxo obxectivo sexa a conservación do material xenético real ou potencial.
- d) Recursos naturais: inclúense instrumentos que recollen información acerca do coñecemento, uso e aproveitamento do patrimonio natural e da biodiversidade.
- e) Espazos protexidos ou de interese: zonas designadas ou xestionadas dentro dun marco legislativo internacional, nacional ou autonómico, para a consecución duns obxectivos de conservación específicos.
- f) Efectos negativos sobre o patrimonio natural e da biodiversidade: inclúense instrumentos que recollen información sobre riscos para o patrimonio natural e a biodiversidade.

2. Incorporarase, con carácter complementario, documentación técnica e administrativa relacionada coa conservación e o uso do patrimonio natural e da biodiversidade tal como aspectos legislativos; de planificación e xestión; de institucións, órganos e outras entidades; de uso público, educación, comunicación e divulgación; financeiros e de investimento e procedementais administrativos para actividades no patrimonio natural.

Artigo 7. *Banco de datos da natureza.*

1. Créase un sistema integrado de información, denominado banco de datos da natureza, que ten atribuídas as funcións de harmonización, análise e difusión da información contida no Inventario español do patrimonio natural e da biodiversidade.

2. Os compoñentes do Inventario dispoñibles no sistema de información axustaranse a uns criterios de calidade definidos para cada compoñente e, con carácter xeral:

- a) Deberán estar dispoñibles no ámbito territorial definido neste Inventario; sen prexuízo de que poidan ser completados ou suplementados, pola súa vez, por outros elementos parciais desenvolvidos para ámbitos territoriais concretos. Para tal efecto, o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño coordinarase xunto co resto da

Administración xeral do Estado e coas administracións autonómicas competentes na materia, de maneira que os instrumentos xa existentes nos seus respectivos ámbitos competenciais se poidan integrar de forma adecuada no Inventario.

b) A actualización da información será permanente, tendo en conta a natureza de cada compoñente.

c) Incluirán aquela información alfanumérica, multimedia, documental, xeográfica ou de calquera tipo sempre que estea en formato electrónico.

d) Crearanse e manteranse actualizados os metadatos conforme o Regulamento n.º 1205/2008 da Comisión, do 3 de decembro de 2008, polo que se executa a Directiva 2007/2/CE do Parlamento Europeo e do Consello no que se refire a metadatos.

e) Con miras a efectuar unha normalización terminolóxica que permita mellorar o acceso e comunicación entre os usuarios do Inventario, utilizaranse dicionarios de datos únicos que constrúan un vocabulario controlado e estruturado formalmente, formado por termos que garden entre si relacións semánticas e xenéricas (de equivalencia, xerárquicas e asociativas) como un dominio no cal se utilizará un identificador numérico, un nome textual e, de maneira opcional, unha descrición ou definición.

3. Co fin de facer posible o traballo coordinado entre todas as fontes de información, establécese un modelo de datos para cada compoñente que permita harmonizar a información, simplificar a súa compilación, e facilitar o seu acceso e explotación. Como mínimo conterá:

a) Identificación: denominación e codificación única.

b) Localización xeográfica: segundo o disposto no Real decreto 1071/2007, do 27 de xullo, polo que se regula o sistema xeodésico de referencia oficial en España.

c) Localización administrativa: segundo o Regulamento (CE) 105/2007 da Comisión, do 1 de febreiro de 2007, polo que se modifican os anexos do Regulamento (CE) 1059/2003 do Parlamento Europeo e do Consello polo que se establece unha nomenclatura común de unidades territoriais estatísticas (NUTS).

d) Fonte de información: inclúe a identificación única e inequívoca da orixe do dato.

4. O Sistema de información do Inventario español do patrimonio e da biodiversidade será xestionado pola Dirección Xeral de Medio Natural e Política Forestal do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, en coordinación coas comunidades autónomas, que velarán pola obxectividade, fiabilidade e coherencia dos seus compoñentes.

5. Créase a infraestrutura de datos espaciais do medio natural (IDENAT), nodo sectorial da infraestrutura de información xeográfica de España, no cal se integrará toda a información xeográfica do Inventario do patrimonio natural e da biodiversidade. De acordo co Real decreto 1545/2007, do 23 de novembro, polo que se regula o Sistema Cartográfico Nacional, IDENAT integra a través da internet os datos, metadatos, servizos e información de tipo xeográfico sobre o medio natural e a biodiversidade que se producen en España; facilita a todos os usuarios potenciais a localización, identificación, selección e acceso a tales recursos e integra os nodos IDE dos produtores de información xeográfica desta temática.

O dito nodo será accesible desde o portal do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, desde o xeportal da Infraestrutura de Datos Espaciais de España (IDEE) e desde o xeportal da Infraestrutura de Datos Espaciais da Administración xeral do Estado.

A información comprendida en IDENAT rexeráse segundo o establecido na Lei 14/2010, do 5 de xullo, sobre as infraestruturas e os servizos de información xeográfica en España.

6. Para efectos do establecido neste artigo, os rexistros das comunidades e cidades autónomas estarán informatizados e o seu sistema de xestión permitirá, en todo caso, que as altas, baixas e modificacións que neles se realicen teñan reflexo inmediato no IDENAT. As comunidades e cidades autónomas terán acceso informático ao IDENAT para a

información que lles compete, sen prexuízo dos límites que legalmente correspondan para a protección dos datos de carácter persoal.

#### Artigo 8. *Sistema de indicadores.*

1. En cumprimento do disposto no artigo 10 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, establécese, como parte do Inventario español do patrimonio natural e da biodiversidade, un sistema de indicadores co fin de coñecer de forma sintética o estado, variacións e tendencias do patrimonio natural e da biodiversidade. Os indicadores que integren o dito sistema serán aqueles índices, variables descritoras ou datos estatísticos que se consideren máis adecuados, clasificándose segundo a tipoloxía do anexo IV.

2. Os indicadores que formen parte do sistema serán identificados e definidos de maneira inequívoca pola Dirección Xeral de Medio Natural e Política Forestal, en colaboración coas comunidades autónomas e outros órganos da Administración xeral de Estado. O sistema de indicadores será aprobado pola Comisión Estatal do Patrimonio Natural e da Biodiversidade, a cal actúa asistida polo Comité do Inventario Español do Patrimonio Natural e da Biodiversidade que se crea na disposición adicional primeira, así como as futuras modificacións, inclusións e exclusións que puideren ter lugar. Este sistema estará composto por un conxunto de indicadores que darán resposta aos requirimentos adquiridos polo Estado español nos convenios internacionais ratificados e na normativa europea, e que conformarán o seu núcleo principal.

3. Os indicadores deberán mostrar de forma simple e directa información relevante sobre a distribución, a abundancia, o estado de conservación, a dinámica de poboacións ou o uso dos elementos do patrimonio natural e da biodiversidade española, así como calquera outra información que se considere necesaria. Articularanse de maneira que a información se poida transmitir facilmente ao conxunto da sociedade e incorporar ao proceso de toma de decisións.

4. Para cada indicador, definiranse, cando sexa posible, valores de referencia e limiares concretos de acordo co mellor coñecemento dispoñible. Para iso promoveranse os estudos de modelos predictivos.

5. Tanto para a definición como para o cálculo dos indicadores do sistema se utilizará preferentemente a información integrada no Inventario español do patrimonio natural e da biodiversidade, que se poderá complementar con aquela que se considere necesaria. En todo caso, calcularanse para o ámbito territorial estatal e, cando a natureza dos datos así o permitan, para o territorio das comunidades autónomas.

6. A Dirección Xeral de Medio Natural e Política Forestal calculará e fará públicos os valores dos indicadores do sistema.

7. Os indicadores máis significativos do sistema incorporaranse ao Inventario de operacións estatísticas do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, e ao Plan Estatístico Nacional.

#### Artigo 9. *Informe sobre o estado do patrimonio natural e da biodiversidade.*

1. O Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño elaborará, en colaboración coas comunidades autónomas e, se é o caso, outros órganos da Administración xeral do Estado o informe sobre o estado do patrimonio natural e da biodiversidade, con periodicidade anual.

2. O informe basearase nos datos integrados no Inventario Español do Patrimonio Natural e da Biodiversidade, e no sistema de indicadores. Non obstante, se se considera adecuado, poderá incluír información procedente doutras fontes, a cal deberá ter o mesmo rigor técnico que a xa dispoñible no Inventario.

3. O informe compilará e analizará a información sobre o estado e as tendencias do patrimonio natural e da biodiversidade no territorio español e sobre os seus cambios máis relevantes e conterá unha avaliación global e conxunta dos resultados das políticas e instrumentos existentes para a conservación e o uso sustentable dos elementos do patrimonio natural e da biodiversidade, para a súa transmisión final á sociedade.

4. Poderanse incluír no informe recomendacións con obxecto de facilitar ás autoridades competentes a adopción de medidas para a recuperación do patrimonio natural e a biodiversidade, especialmente cando os valores dos indicadores traspasen limiares definidos.

5. En canto ao seu contido, o informe incluírá, cando menos, os seguintes puntos:

- a) Obxectivos e ámbito temporal e territorial.
- b) Elementos e fontes empregadas para a elaboración do informe.
- c) Estado do Inventario español do patrimonio natural e da biodiversidade. Inclúirase unha síntese daqueles informes elaborados en aplicación das obrigas adquiridas polo Estado español nos convenios internacionais ratificados e na normativa europea.
- d) Políticas e instrumentos existentes para a conservación e o uso sustentable do patrimonio natural e da biodiversidade.
- e) Valores obtidos da aplicación anual do Sistema de Indicadores.
- f) Análise e interpretación dos resultados obtidos a través do Sistema de Indicadores para o diagnóstico do estado de conservación e uso do patrimonio natural e da biodiversidade. Cando sexa posible, predición máis probable da evolución futura dos diferentes elementos do patrimonio natural e da biodiversidade.
- g) Propostas de actuacións e recomendacións.

6. O informe anual mostrará a situación en relación con anos anteriores. A información será integrada de forma continua polos axentes implicados, de tal maneira que antes da finalización do primeiro trimestre do ano estea dispoñible a información necesaria referida ao ano anterior.

7. Unha vez elaborado, o informe será presentado ao Consello Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade, á Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade, e á Conferencia Sectorial de Medio Ambiente, antes de facerse público.

#### Artigo 10. *Integración supranacional.*

A información integrada no Inventario utilizarase para o cumprimento dos requisitos de información establecidos nos compromisos internacionais subscritos por España, e será remitida, cando proceda, ás institucións supranacionais ou, se é o caso, internacionais a través das canles establecidas.

### CAPÍTULO III

#### Xestión do Inventario

#### Artigo 11. *Elaboración do Inventario.*

1. O Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, a través da Dirección Xeral de Medio Natural e Política Forestal, coa participación das comunidades autónomas e a colaboración das institucións e organizacións de carácter científico, elaborará e manterá actualizado o Inventario.

2. Poderanse subscribir acordos de cooperación entre os distintos órganos das administracións públicas, podéndose vincular ao Fondo do Patrimonio Natural ou a outras fontes de financiamento existentes.

#### Artigo 12. *Fontes de información e o seu carácter público.*

1. Os órganos competentes en materia do patrimonio natural e a biodiversidade das comunidades autónomas e as demais administracións públicas proporcionarán, cando sexa posible a través dos medios telemáticos, a información que permita manter actualizado o Inventario. A dita información terá carácter de información pública segundo o disposto na Lei 27/2006, do 18 de xullo, tendo en conta excepcións enumeradas no seu artigo 13, en especial as relativas a garantir a conservación de determinados elementos naturais especialmente sensibles.



2. Ademais da información oficial proporcionada polas administracións públicas, crearanse mecanismos para dispoñer e valorar a información doutras fontes, a cal non terá carácter oficial e poderá ser incluída no Inventario español do patrimonio natural e da biodiversidade se se comproba a súa fiabilidade científico-técnica polos protocolos que se establezan. As ditas fontes poderán ser:

a) Organizacións de carácter científico, na área de coñecemento en que desempeñan a súa actividade, que se considerarán como entidades colaboradoras do Inventario español do patrimonio natural e da biodiversidade.

b) Voluntarios do Inventario, incluídos no directorio de voluntarios do Inventario español do patrimonio natural e da biodiversidade composto por todos aqueles que colaboren coas súas achegas, e que se crea mediante este real decreto. As normas de regulación do directorio serán aprobadas polo Comité do Inventario do Patrimonio Natural e da Biodiversidade.

c) Achegas de persoas físicas ou xurídicas.

3. A Dirección Xeral de Medio Natural e Política Forestal, logo de informe da Comisión Estatal para o Patrimonio e a Biodiversidade, establecerá o procedemento para dar adecuado cumprimento ao establecido no punto 2, segundo os criterios sobre a legalidade, fiabilidade ou carácter sensible das informacións achegadas. Garantirase, cando menos:

a) O estrito cumprimento, por parte das persoas ou institucións que acheguen información, da lexislación vixente, estatal ou autonómica, en materia de conservación da natureza, en especial no propio feito de recadala.

b) Un mecanismo de control que permita eliminar información errónea ou limitar o acceso ao sistema a informadores de baixa fiabilidade.

c) A transferencia inmediata da información recadada, con carácter previo á súa exposición pública, ás autoridades que teñan a competencia na materia obxecto da información, salvo nos casos en que así poida determinarse e, en especial:

1.º Cando estea relacionada con especies en perigo de extinción.

2.º Cando poña de manifesto algunha situación que puidese ser constitutiva de infracción ou delito.

3.º Cando poida referirse a cuestións obxecto de litixio na orde civil.

d) Os dereitos de propiedade intelectual ou produción artística.

e) O libre acceso cidadán á información que revista carácter público, informando adecuadamente o usuario da legalidade, fiabilidade e alcance da información subministrada.

f) A evitación do achegamento deliberado ou as molestias a especies de fauna ameazada, especialmente durante os períodos críticos do seu ciclo vital.

Disposición adicional primeira. *Creación do Comité do Inventario Español do Patrimonio Natural e da Biodiversidade.*

1. Créase o Comité do Inventario Español do Patrimonio Natural e da Biodiversidade como un órgano de coordinación entre administracións, con competencias de informe e proposta, adscrito á Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade, de forma compatible coas funcións do resto de comités específicos existentes, e que terá as seguintes funcións:

a) Analizar tecnicamente e elevar á Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade as propostas sobre as materias que tematicamente lle correspondan ou lle sexan especificamente asignadas por aquela.

b) Propoñer á Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade inclusións, exclusións e modificacións relativas ao contido do Inventario, para a súa posterior aprobación pola Conferencia Sectorial de Medio Ambiente e publicación no Boletín Oficial del Estado.

c) Establecer os procedementos para o desenvolvemento e funcionamento do Inventario. Especialmente as normas técnicas que regularán cada compoñente, segundo os principios recollidos no artigo 4.

d) Establecer as normas de funcionamento do directorio de voluntarios do Inventario español do patrimonio natural e da biodiversidade a que se refire o artigo 12.2.b.

e) Establecer as súas normas de funcionamento.

2. O Comité estará composto por un representante de cada comunidade autónoma e das cidades de Ceuta e Melilla, dous representantes do Ministerio de Ciencia e Innovación, un representante do Ministerio de Fomento, designados polos secretarios de Estado ou secretarios xerais competentes por razón da materia, e catro representantes do MARM, un dos cales exercerá a presidencia, designados polo secretario de Estado de Cambio Climático. A Secretaría do Comité será desempeñada por un funcionario da Dirección Xeral de Medio Natural e Política Forestal, que actuará con voz e sen voto.

O Comité formará parte da Rede EIONET (Rede Europea de Información e Observación do Medio Ambiente) da Axencia Europea de Medio Ambiente, como grupo de interese, principal elemento compoñente, vinculado ao centro nacional de referencia en materia de biodiversidade e montes da dita rede.

3. O réxime xurídico do Comité do Inventario Español do Patrimonio Natural e da Biodiversidade será o previsto polo capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Disposición adicional segunda. *Integración progresiva dos instrumentos do Inventario.*

1. Os compoñentes prioritarios que forman o anexo II integraranse ao Inventario tras a entrada en vigor deste real decreto. Os descritos no anexo III, considerados fundamentais para o Inventario, incorporaranse, como moi tarde, en 2 anos desde a entrada en vigor deste real decreto, salvo aqueles para os cales a Lei 42/2007, do 13 de decembro, establece un desenvolvemento regulamentario, que o farán nun prazo dun ano desde a entrada en vigor destes.

En relación cos compoñentes enumerados no artigo 6.2, o Comité do Inventario Español do Patrimonio Natural e da Biodiversidade determinará cales se incluírán con carácter obrigatorio e en que prazo.

2. O núcleo principal do sistema de indicadores estará identificado nun ano desde a entrada en vigor deste real decreto.

Disposición adicional terceira. *Interoperabilidade con plataformas de e-ciencia.*

O Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño e o Ministerio de Ciencia e Innovación coordinaranse co fin de facer compartibles as infraestruturas de cofecemento promovidas por ambos, garantindo a cooperación científico-técnica en materia de conservación e uso sustentable do patrimonio natural e a biodiversidade.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto ten carácter de lexislación básica sobre protección do ambiente, de conformidade co disposto no artigo 149.1.23.<sup>a</sup> da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento e aplicación.*

1. Facúltase o ministro de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño para adoptar, no ámbito das súas atribucións, as disposicións e medidas necesarias para o desenvolvemento e aplicación do disposto neste real decreto e, en particular, para aprobar, mediante orde, por proposta do Comité establecido na disposición adicional primeira, os protocolos de carácter técnico que aseguren a coordinación e o funcionamento do Inventario no conxunto do Estado.

2. Así mesmo, facúltase o ministro de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño para modificar mediante orde ministerial os anexos deste real decreto por proposta do comité establecido na disposición adicional primeira.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 20 de abril de 2011.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Medio Ambiente,  
e Medio Rural e Mariño,  
ROSA AGUILAR RIVERO

## ANEXO I

## DESCRIPCIÓN DOS COMPOÑENTES DO INVENTARIO

## 1. Ecosistemas

1.a *Catálogo español de hábitats en perigo de desaparición*

Contido: incluirá a listaxe dos hábitats en perigo de desaparición, definidos segundo os artigos 24, 25 e 26 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, e o regulamento que desenvolva o Catálogo. A información que acompañe os hábitats catalogados incluirá a que se cite na mencionada normativa, considerando, cando menos:

- Breve descrición da súa composición, estrutura e/ou funcións.
- Distribución potencial e real en España.
- Estado de conservación e tendencias.
- Ameazas que afronta.
- Medidas de conservación tomadas para frear a súa recesión e proposta doutras medidas adecuadas.
- Superficie protexida e efectivamente xestionada.
- Proposta da superficie que debería ser incluída nalgún instrumento de xestión ou figura de protección.
- Estratexias de conservación e restauración elaboradas, así como plans ou instrumentos de xestión adoptados en relación ao hábitat.

Estrutura: información cartográfica con xeometría de polígonos e base de datos alfanumérica asociada.

Periodicidade de actualización: continua.

Marco xurídico: Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, artigos 24, 25 e 26.

Outra información relevante: o regulamento de desenvolvemento do Catálogo español de hábitats en perigo de desaparición determinará o referido a categorías, funcionamento do Catálogo, catalogación, descatalogación e cambio de categorías. Tamén o referente ás estratexias de conservación, e definirá que debe entenderse por "superficie adecuada" segundo o artigo 25.a) da Lei 42/2007, do 13 de decembro.

O sistema de seguimento do Inventario español de hábitats terrestres e do Inventario de hábitats mariños deberá facilitar a actualización da información referida á superficie e estado de conservación dos hábitats incluídos no catálogo.

1.b *Inventario español de zonas húmidas*

Contido: inclúe información sobre as zonas húmidas segundo o Real decreto 435/2004, do 12 de marzo, polo que se regula o Inventario nacional de zonas húmidas (INZH).

Estrutura: información cartográfica con xeometría de polígonos e base de datos alfanumérica asociada.

Periodicidade de actualización: continua.

Marco xurídico: Real decreto 435/2004, do 12 de marzo, polo que se regula o Inventario nacional de zonas húmidas.

Outra información relevante: inclúe información sobre o estado de conservación segundo as tipoloxías definidas na ficha informativa do INZH do anexo II do Real decreto 435/2004, do 12 de marzo.

1.c *Inventario español de hábitats terrestres (\*)*

Contido: inclúe a información sobre os tipos de hábitats presentes en España, naturais e seminaturais, en especial os que fosen declarados de interese comunitario.

Contén os seguintes elementos:

Lista patrón dos tipos de hábitats terrestres presentes en España.

Distribución espacial dos tipos de hábitats terrestres en España.  
Sistema de seguimento dos tipos de hábitats.

Estrutura: información cartográfica con xeometría de polígonos e base de datos alfanumérica asociada.

Periodicidade de actualización: cando menos decenal para todo o territorio español, sen menoscabo dunha actualización continua para determinados tipos de hábitat debido á súa propia dinámica ou ao interese da súa conservación.

Marco xurídico: Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, artigo 9.

Outra información relevante: valorarase o estado de conservación de cada tipo de hábitat ou dos sistemas que os integren utilizando as metodoloxías científicas máis adecuadas. Estas deberán ser compatibles cos sistemas de avaliación desenvolvidos para a aplicación da Directiva 92/43/CEE do Consello, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres.

Os datos e información contida no Inventario servirán como punto de partida para a proposta, catalogación, cambio de categoría ou descatalogación dos tipos de hábitat que se incluírán no Catálogo español de hábitats en perigo de desaparición.

#### 1.d *Inventario español de hábitats mariños (\*)*

Contido: inclúe información actualizada sobre os tipos de hábitats mariños presentes en España.

Conterá os seguintes elementos:

Lista patrón dos tipos de hábitats mariños presentes en España.

Clasificación xerárquica dos tipos de hábitats mariños, relacionándoos coas diferentes clasificacións existentes (anexo I da Lei 42/2007, do 13 de decembro, directivas e convenios internacionais).

Distribución espacial dos tipos de hábitats mariños en España.

Estrutura: información cartográfica con xeometría de polígonos e base de datos alfanumérica asociada.

Periodicidade de actualización: cando menos decenal para todo o territorio español, sen menoscabo dunha actualización permanente para determinados tipos de hábitats.

Marco xurídico: Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, artigo 9.2.

Outra información relevante: valorarase o estado de conservación de cada tipo de hábitat utilizando as metodoloxías científicas máis adecuadas. Estas deberán ser compatibles cos sistemas de avaliación desenvolvidos para a aplicación da Directiva 92/43/CEE do Consello, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres.

A dita valoración, que deberá facerse extensiva a todos os hábitats mariños de España, deberá permitir coñecer o estado de conservación de cada tipo de hábitat a diferentes escalas territoriais para definir prioridades de conservación.

O Inventario español de tipos de hábitat conterá a cuantificación da abundancia absoluta de cada hábitat -en termos de superficie- e a súa abundancia relativa referida a diferentes unidades territoriais, dependendo da escala tratada.

Os datos e información contida no Inventario servirán como punto de partida para a proposta, catalogación, cambio de categoría ou descatalogación dos tipos de hábitats que se incluírán no Catálogo español de hábitats en perigo de desaparición.

#### 1.e *Inventario de paisaxes*

Contido: caracterización das paisaxes de España identificando a taxonomía das paisaxes españolas mediante a súa agregación a tres niveis: unidades de paisaxe (estrutura, organización e dinámicas), tipos de paisaxe (elementos configuradores), e

asociacións de tipos de paisaxes (trazos xerais e diferenciais), a partir da súa identificación e valoración desde unha perspectiva territorial.

Estrutura: información cartográfica con xeometría de polígonos e base de datos alfanumérica asociada.

Periodicidade de actualización: continua.

Marco xurídico: Convenio europeo da paisaxe do Consello de Europa (Florenza, 20/X/2000) ratificado por España mediante o Instrumento publicado no BOE do 5 do II de 2008, artigo 6.

Outra información relevante: cartografía, catálogos ou mapas de paisaxe elaborados polas comunidades autónomas.

Caracterización das paisaxes de España, realizada polo Ministerio de Medio Ambiente (hoxe Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño) e a Universidade Autónoma de Madrid. (2003).

#### 1.f *Mapa forestal de España.*

Contido: o Mapa forestal de España é a cartografía básica forestal a nivel estatal da situación das masas forestais.

Contén os seguintes elementos:

Lista patrón das especies forestais.

Distribución dos usos do solo principalmente forestais.

Identificación e distribución das especies arbóreas principais, incluíndo parámetros tales como o seu estado de desenvolvemento e ocupación.

Información de formacións desarborizadas.

Estrutura: información cartográfica con xeometría de polígonos e base de datos alfanumérica asociada.

Periodicidade de actualización: cando menos decenal para todo o territorio español (segundo artigo 28.6 de Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes), sen menoscabo de actualización para os principais usos do solo.

Marco xurídico: Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes, artigo 28.1, relativo á estatística forestal española.

Outra información relevante: constitúe a cartografía base do Inventario forestal nacional.

Dispón dunha serie histórica:

Mapa forestal de España a escala 1:400.000 (1966).

Mapa forestal de España a escala 1:200.000 (1986-1998).

Mapa forestal de España a escala 1:50.000 (1998-2007).

## 2. Fauna e flora

### 2.a *Inventario español de especies terrestres (\*)*

Contido: recolle a distribución, abundancia e estado de conservación da fauna e flora terrestre española. Considera, cando menos, os integrantes dos seguintes grupos: vertebrados, invertebrados, flora vascular e flora non vascular. Contén os seguintes elementos:

Listas patrón por grupos taxonómicos.

Información de carácter biolóxico, en especial, a que se compile a través de proxectos elaborados a escala nacional, como fauna Ibérica, flora ibérica, flora micolóxica ibérica e aqueles outros que puidesen desenvolverse no futuro.

Inventario corográfico, con elaboración de atlas de distribución, incluíndo cartografía co maior detalle posible para cada taxon a nivel estatal.

Estado de conservación dos taxons, recollido nas listas e libros vermellos.

Sistema de seguimento da fauna e flora terrestre española, amosando, cando menos, as tendencias poboacionais e a evolución da distribución e do estado de conservación.

Estrutura: base de datos alfanumérica e documental xeorreferenciada a cuadrícula UTM (cando menos 10 x 10 km ao 1 x 1 km), sen menoscabo da incorporación de información cartográfica vectorial.

Periodicidade de actualización: a actualización das bases de datos será continua. Os atlas actualizaranse, cando menos, cada dez anos. Os libros e listas vermellas e as listaxes taxonómicas revisaranse, cando menos, cada 5 anos. O sistema de seguimento da fauna e flora terrestre española actualizarase continuamente.

Marco xurídico: Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, artigo 9.2.

Outra información relevante: o estado de conservación determinarase a través do coñecemento científico máis actualizado, empregando as metodoloxías máis adecuadas e, en especial, as propostas por UICN.

Os datos e información contida no Inventario servirán como punto de partida para a proposta, catalogación, cambio de categoría ou descatalogación dos taxons que se incluírán na Listaxe de especies silvestres en réxime de protección especial e no Catálogo español de especies ameazadas, así como para o Catálogo de especies exóticas invasoras.

Contarase coa información dispoñible no banco de datos da Oficina de Especies Migratorias da Dirección Xeral de Medio Natural e Política Forestal, comprendendo o sistema de anelamento con remitentes común e, se é o caso, outros remitentes españois aceptados por EURING (*European Union for Bird Ringing*).

#### 2.b *Inventario español de especies mariñas (\*)*

Contido: recolle a distribución, abundancia e estado de conservación da fauna e flora mariña española. Consideraranse, cando menos, os seguintes grupos mariños: mamíferos, aves, réptiles, peixes, invertebrados e flora. O inventario conterá os seguintes elementos:

Listas patrón por grupos taxonómicos da flora e fauna silvestre presente nas augas españolas.

Inventario corográfico de todos os grupos taxonómicos, recollido nunha base de datos e nos diferentes atlas de distribución.

Estado de conservación dos taxons por grupos taxonómicos, contido nunha base de datos e nas listas vermellas e nos libros vermellos.

Estrutura: información alfanumérica e documental xeorreferenciada a cuadrícula UTM.

A precisión da distribución deberá referirse, cando menos, a cuadrículas de 10 x 10 km. Para as especies ameazadas, as incluídas no Catálogo español de especies ameazadas, as incluídas na Listaxe de especies silvestres en réxime de protección especial, ou as consideradas de interese na normativa comunitaria ou internacional, a resolución dos datos da distribución será a maior posible, con sentido ecolóxico, dependendo do tipo de organismo e das características das masas de auga en que habiten.

Periodicidade de actualización: cada 10 anos para o caso dos atlas; actualización continua para o caso dos libros e listas vermellas; cada 5 anos para as listaxes taxonómicas.

Marco xurídico: Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, artigo 9.2.

Outra información relevante: o estado de conservación determinarase a través do coñecemento científico máis actualizado, empregando as codificacións con maior recoñecemento da comunidade científica e técnica internacional. En especial, aplicaranse as categorías propostas polo UICN. Deberán analizarse novas posibilidades para superar as dificultades que presenta a aplicación destas categorías en grupos de especies mariñas pouco estudados (poboacións e bioloxía destes). Para as especies de cetáceos, terase en

consideración a información dispoñible na base de datos española de varamentos de cetáceos (BEVACET).

A abundancia dos taxons, dada a complexidade dos organismos máis móbiles, será cualitativa (por exemplo, mediante análise de idoneidade do hábitat), combinándoo na medida do posible con estimacións de abundancia. En todo caso, debe posibilitarse a comparación dos datos e a análise da evolución temporal.

Os datos e información contida no Inventario servirán como punto de partida para a proposta, catalogación, cambio de categoría ou descatalogación dos taxons que se inclúen na Listaxe de especies silvestres en réxime de protección especial e no Catálogo español de especies ameazadas, así como para o Catálogo de especies exóticas invasoras.

No caso de especies vulnerables ou ameazadas, utilizaranse, na medida do posible, sistemas de mostraxes non intrusivos nin destrutivos para o seguimento do seu estado de conservación.

### *2.c Listaxe de especies silvestres en réxime de protección especial Catálogo español de especies silvestres ameazadas*

Contido: comprende a Listaxe de especies silvestres en réxime de protección especial (LESPE), no cal se inclúen as especies silvestres que se axustan aos criterios do artigo 53.1. e 55.1. da Lei 42/2007, do 13 de decembro, e o segundo, o Catálogo español de especies ameazadas (CEA), contido no anterior, no cal se inclúen exclusivamente as especies que cumpren os criterios do artigo 55.1. da mencionada lei.

As especies incluídas no Catálogo español estaran nalgunha das dúas categorías de ameaza, en perigo de extinción ou vulnerable, definidas polo artigo 55.1. da Lei, cando, con base na información dispoñible, cumpran algún dos criterios orientadores de catalogación aprobados pola Comisión Estatal do Patrimonio Natural e da Biodiversidade.

Estrutura: base de datos alfanumérica e documental xeorreferenciada a cuadrícula UTM (cando menos 10 x 10 km ao 1 x 1 km).

Periodicidade de actualización: a listaxe taxonómica das especies que conforman o LESPE será actualizada cando proceda segundo a súa normativa.

Marco xurídico: a Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, artigo 9.2.

Outra información relevante: as especies incluídas na Listaxe de especies silvestres en réxime de protección especial serán obxecto dun seguimento específico co fin de realizar unha avaliación periódica do seu estado de conservación. O seguimento centrarase na evolución da área de distribución das especies e o estado de conservación das súas poboacións.

A avaliación do estado de conservación será realizada pola Dirección Xeral de Medio Natural e Política Forestal tomando como base a información subministrada polas comunidades autónomas e información propia con especial referencia ás estatísticas de capturas ou recolección, mortes accidentais e valoración da súa incidencia sobre a viabilidade da especie.

## **3. Recursos xenéticos**

### *3. a Inventario español de bancos de material biolóxico e xenético referido a especies silvestres*

Contido: o Inventario español de bancos de material biolóxico e xenético referido a especies silvestres establécese como unha rede informativa dos seguintes tipos de contido:

Listaxe de centros oficiais que albergan material biolóxico e xenético, tanto os dependentes das comunidades autónomas como os xestionados a través da Administración xeral.

Catálogo e inventario do material xenético e biolóxico existente en cada banco de material oficial.



Listaxe de taxons para os cales existe material biolóxico e xenético nos distintos bancos oficiais, con referencia ao tipo, cantidade e orixe das mostras almacenadas.

Establécese como prioritaria a integración de material biolóxico e xenético de taxons autóctonos de flora e fauna silvestres ameazadas, tomando como referencia a Listaxe de especies en réxime de protección especial e o Catálogo español de especies ameazadas. Dentro deste grupo de especies terán especial atención para a reserva de material xenético e biolóxico as especies e subespecies endémicas a distinto nivel rexional ou estatal.

Estrutura: base de datos rexistrada con, cando menos, información sobre os tres ámbitos mencionados no punto anterior.

Periodicidade de actualización: continua, que se subministrará cunha periodicidade de, cando menos, 5 anos por parte das comunidades autónomas.

Marco xurídico: Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, no seu artigo 60.

Outra información relevante: a información contida no Inventario de bancos de material xenético e biolóxico será incorporada á avaliación para a elaboración de programas de conservación *ex situ* de especies ameazadas. Tamén será referente no proceso de execución dos ditos programas de forma prioritaria, con base no establecido por grupos oficiais ou de expertos consultados, no marco do Real decreto de XX/2010 para o desenvolvemento da Listaxe de especies silvestres en réxime de protección especial e do Catálogo español de especies ameazadas.

### 3.b *Inventario español de parques zoolóxicos*

Contido: o Inventario español de parques zoolóxicos contén datos xerais dos parques zoolóxicos autorizados e rexistrados polas comunidades autónomas, as súas coleccións de animais e os programas de conservación *ex situ* que desenvolven.

Definición de parque zoológico: artigo 2 da Lei 31/2003, do 27 de outubro, de conservación da fauna silvestre nos parques zoolóxicos.

Estrutura: base de datos alfanumérica e documental xeorreferenciada con xeometría de puntos.

Periodicidade de actualización: anual.

Marco xurídico: Lei 31/2003, do 27 de outubro, de conservación da fauna silvestre nos parques zoolóxicos, artigo 9 e 10.

Outra información relevante: cuantificación:

Número de parques zoolóxicos.

Número de especies e espécimes.

Número de programas de conservación *ex situ*.

### 3.c *Recursos xenéticos forestais*

Contido: catálogo de materiais de base: recolle a información sobre os materiais de base aprobados para a obtención dos diferentes materiais de reprodución.

Rede nacional de ensaios de avaliación xenética:

Listaxe dos ensaios dispoñibles para a avaliación xenética de materiais de base e de reprodución.

Entidades responsables dos ensaios.

Información dispoñible de cada ensaio.

Rede de unidades de conservación de recursos xenéticos forestais:

Listaxe de unidades de conservación.

Datos descritivos de cada unidade.

Listaxe de poboacións ameazadas.

Inventario de estado de conservación.

Entidades responsables.  
Información dispoñible de cada unidade.

Estrutura: información cartográfica con xeometría de polígono; no seu defecto, disporase de xeometría de puntos.

Modelo de datos para o Catálogo de materiais de base: basearase no establecido nos anexos II, III, IV, V e X do Real decreto 289/2003, do 7 de marzo, sobre comercialización de material forestal de reprodución.

Periodicidade de actualización: continua, para o Catálogo de materiais de base.

Anual, para a Rede nacional de ensaios de avaliación xenética e a Rede de unidades de conservación de recursos xenéticos forestais.

Marco xurídico: Real decreto 289/2003, do 7 de marzo, sobre comercialización dos materiais forestais de reprodución, artigo 7.

Outra información relevante: Catálogo nacional de materiais de base: en relación á utilización do compoñente, o obxectivo é dar información ás comunidades autónomas, produtores de sementes ou calquera outro interesado acerca das poboacións, plantacións e clons de que se obtén o material forestal de reprodución.

Rede nacional de ensaios de avaliación xenética: os datos e información contida nesta base de datos servirán como punto de partida para a catalogación de materiais de base da categoría cualificada e controlada, establecer recomendacións de uso de material de reprodución e para analizar a diversidade xenética forestal das especies forestais.

Rede de unidades de conservación de recursos xenéticos forestais: os datos e información contida nesta base de datos servirán como punto de partida para o desenvolvemento da Estratexia española de conservación de recursos xenéticos forestais e para o Programa Europeo EUFORGEN. Os datos tamén poderán ser empregados para a elaboración de indicadores que se incluírán no sistema nacional de indicadores, e para realizar un seguimento dos recursos xenéticos forestais.

#### 4. Recursos naturais

##### 4.a *Inventario español de caza e pesca*

Contido: contén información relativa á actividade cinexética e piscícola, en concreto:

Niveis de poboación das especies cinexéticas e piscícolas con especial atención ás migradoras.

Número de licenzas de caza e pesca expedidas e vixentes.

Número de capturas, peso e valor económico por especie, provincia e ano.

Estatísticas provinciais de soltas e repoboacións de especies cinexéticas autóctonas e exóticas.

Estatísticas provinciais de repoboacións piscícolas autóctonas e exóticas.

Número de granxas cinexéticas e piscifactorías por termo municipal e ano.

Produción por especies en granxas cinexéticas e piscifactorías para repoboacións.

Superficie e tipoloxía de terreos cinexéticos por provincia.

Análise das masas de auga con aproveitamento piscícola (tipoloxía, superficie, lonxitude).

Estatísticas de accidentes de tráfico provocados por especies cinexéticas.

Estatísticas de danos provocados á agricultura e gandaría por especies cinexéticas.

Trofeos de caza: puntuación, especie por provincia e ano.

Estrutura: información alfanumérica xeorreferenciada á provincia.

Periodicidade de actualización: anual.

Marco xurídico: Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade. Artigo 9.2.

Outra información relevante: contén operacións estatísticas incluídas no Plan Estatístico Nacional.

#### 4.b *Inventario español dos coñecementos tradicionais*

Contido: coñecementos tradicionais, así como os seus elementos ou restos culturais asociados, relativos á:

biodiversidade e o patrimonio natural.  
xeodiversidade ou ao aproveitamento dos recursos minerais (lugares xeolóxicos utilizados para festas, tradicións populares, ou orixe de lendas, así como minas e canteiras artesanais, coas súas construcións anexas, como fornos, establecementos de beneficio, almacéns, etc).

Deberán ser relevantes para a conservación e o uso sustentable da biodiversidade e xeodiversidade, con especial atención aos etnobotánicos.

Estrutura: descrición narrativa e, cando sexa posible, información cartográfica con xeometría de polígonos (distribución do elemento natural-taxon ou ecosistema ou da poboación humana que manexa ou conserva ese coñecemento) ou de puntos (elementos ou restos) e base de datos alfanumérica asociada.

Periodicidade de actualización: decenal.

Marco xurídico: Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, artigo 9.2 e artigo 70.

Outra información relevante: avaliarase o grao de conservación e vulnerabilidade do coñecemento tradicional. Os criterios para esta valoración poderán considerar o nivel de uso que se fai do coñecemento, estimación do tamaño de poboación que o utiliza ou se beneficia del e presenza de trazos étnicos.

#### 4.c *Inventario forestal nacional (\*)*

Contido: o Inventario forestal nacional proporciona información, a nivel provincial e nacional, mediante unha serie de indicadores dos elementos máis caracterizadores dos sistemas forestais cunha metodoloxía e características comúns para todo o territorio español.

Contén os seguintes, ámbitos de inventariación:

Físico-natural, engloba os elementos significativos do biótomo e a biocenose.

Riscos.

Técnico, informa de aspectos silvícolas.

Infraestrutural, achega datos sobre vías e equipamentos.

Institucional, informa sobre os distintos réximes de propiedade, protección e xestión forestal.

Biodiversidade, estuda os principais indicadores de biodiversidade aplicables ás distintas rexións bioxeográficas españolas.

Valoración económica, expresa en euros o valor dos bens e servizos que producen os montes.

Inventario de árbores singulares.

Efecto sumidoiro de carbono das masas forestais.

Recolle tamén tres importantes capítulos: comparacións entre inventarios, indicadores de xestión sustentable e evolución da paisaxe forestal.

Estrutura: información cartográfica, con xeometría de puntos e base de datos alfanumérica asociada, obtida do deslido de parcelas situadas en cruzamento de malla UTM con teselas forestais.

Periodicidade de actualización: cando menos decenal para todo o territorio español (segundo artigo 28.6 de Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes).

Marco xurídico: Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes, artigo 28.1 relativo á estatística forestal española.

Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, artigo 9.2.

Outra información relevante: contén operacións estatísticas incluídas no Plan Estatístico Nacional.

Proporciona información relevante para a súa utilización:

No coñecemento estatístico das superficies e existencias dos montes españois.  
Na evolución dos montes españois mediante comparación de inventarios.  
Estimación do carbono fixado nos ecosistemas forestais.  
Seguimento de árbores singulares, a través dun inventario específico.

#### 4.d *Mapa de solos LUCDEME*

Contido: proporciona un coñecemento detallado das características morfolóxicas, analíticas e de distribución xeográfica dos solos, e descríbense detalladamente nunha memoria asociada a cada mapa.

As principais variables consideradas son xeoloxía, relevo, clima e vexetación (series, usos,...).

A información máis relevante é:

Descrición macromorfolóxica de perfís representativos dos tipos de solos.  
Características analíticas, contido en sales, razón de absorción.  
Distribución xeográfica dos solos.

Clasificación conforme o sistema FAO-UNESCO.

Estrutura: información cartográfica con xeometría de polígonos e base de datos alfanumérica e documental asociada.

Periodicidade de actualización: non previsto.

Marco xurídico: Programa de Acción Nacional contra a Desertificación, PAND (Orde ARM/ 2444/2008, do 12 de agosto) no marco da Convención de Nacións Unidas de loita contra a desertificación.

Outra información relevante: ferramenta estratéxica para a planificación e xestión do territorio e usos do solo en xeral, e de actuacións de restauración ou rehabilitación de zonas afectadas pola desertificación en particular.

#### 4.e) *Outros compoñentes da Estatística forestal española (\*)*

Contido: inclúese neste compoñente a información xerada pola Estatística Forestal Española que non está incluída noutros compoñentes do Inventario, entre outros:

Aproveitamentos forestais madeireiros por especie, titularidade dos montes e destino da madeira.

Aproveitamentos forestais non madeireiros por titularidade dos montes.

Produción de material forestal de reprodución por especies das reguladas no Real decreto 289/2003, do 7 de marzo, por categoría e outras producións de MFR non regulado polo real decreto referido.

Información da superficie forestal con instrumento de planificación, ordenación e superficie con xestión forestal sustentable certificada.

Investimentos forestais: repoboación forestal, tratamentos silvícolas e outras melloras no medio forestal.

Industria forestal.

Percepción social dos montes.

Estrutura: información alfanumérica xeorreferenciada á provincia. Poderá conter información cartográfica vectorial.

Periodicidade de actualización: anual.

Marco xurídico: Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes, artigo 28.

Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade. Art. 9.2.

Outra información relevante: contén operacións estatísticas incluídas no Plan Estatístico Nacional.

## 5. Espazos protexidos e/ou de interese

### 5.a *Dominio público hidráulico*

Contido: inclúe os bens de dominio público hidráulico (segundo o establecido no título I do Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de augas, e o título I do Real decreto 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do dominio público hidráulico que desenvolve os títulos preliminar, I, IV, V, VI, VII e VIII da norma anterior).

Estrutura: información cartográfica, con xeometría de liñas e polígonos.

Periodicidade de actualización: actualización cada seis anos.

Marco xurídico: Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de augas.

Real decreto 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do dominio público hidráulico que desenvolve os títulos preliminar, I, IV, V, VI, VII e VIII do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo.

Outra información relevante: terase en consideración para a planificación e xestión do patrimonio natural e da biodiversidade.

### 5.b *Dominio público marítimo-terrestre*

Contido: inclúe os bens de dominio público marítimo-terrestre estatal (segundo os artigos 3, 4 e 5 da Lei 22/1998, do 28 de xuño, de costas).

Estrutura: información cartográfica, con xeometría de liñas e polígonos.

Periodicidade de actualización: anual.

Marco xurídico: Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, e Real decreto 1471/1989, do 1 de decembro, polo que se aproba o Regulamento xeral para desenvolvemento e execución da lei.

Outra información relevante: terase en consideración para a planificación e xestión do patrimonio natural e da biodiversidade.

### 5.c *Inventario de espazos naturais protexidos, Rede Natura 2000 e áreas protexidas por instrumentos internacionais (\*)*

Contido: conterá os seguintes elementos:

Inventario completo dos espazos naturais protexidos designados en España polas administracións públicas competentes, tanto de ámbito nacional como autonómico e local, de conformidade coa Lei 42/2007, do 13 de decembro (artigos 27 a 34, 36 e 40) e coa lexislación autonómica correspondente.

Inventario do conxunto de lugares que conforman a Rede Natura 2000: zonas de especial protección para as aves, lugares de importancia comunitaria e zonas especiais de conservación (Lei 42/2007, do 13 de decembro: artigos 41 a 44; Real decreto 1997/1995, do 7 de decembro: artigos 3 a 5).

Inventario de espazos naturais protexidos por instrumentos internacionais (Lei 42/2007, do 13 de decembro: artigo 49).

Estrutura: información alfanumérica e cartográfica referida a polígonos.

Periodicidade de actualización: continua.

Marco xurídico: Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, artigo 50.

Outra información relevante: contén operacións estatísticas incluídas no Plan Estatístico Nacional.

#### 5.d *Inventario español de lugares de interese xeolóxico*

Contido: lugares de interese, polo seu carácter único ou representativo, para o estudo e interpretación da orixe e evolución dos grandes dominios xeolóxicos españois, incluíndo os procesos que os modelaron, os climas do pasado e a súa evolución paleobiolóxica:

Macizo Ibérico.  
Cordilleira pirenaica e bacía Vasco-Cantábrica.  
Cordilleira Bética e Baleares.  
Cordilleiras Ibérica e Costeiro-Catalá.  
Bacías cenozoicas.  
Canarias e o vulcanismo cenozoico peninsular.

Estes grandes dominios engloban as formacións e contextos xeolóxicos do anexo VIII da Lei 42/2007, do 13 de decembro.

Estrutura: información cartográfica con xeometría de polígonos e base de datos alfanumérica asociada.

Periodicidade de actualización: decenal.

Marco xurídico: Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, artigo 9.2.

Outra información relevante: o estado de conservación do lugar determinarase a partir das transformacións a que se viu sometido. De maneira xenérica estableceranse as seguintes posibilidades:

Favorable: o trazo en cuestión encóntrase ben conservado.

Favorable pero con alteracións: non se presenta no seu estado natural, pero isto non afecta de maneira determinante o valor ou o interese do elemento.

Alterado: diversas deterioracións alteraron o seu estado de conservación, o que afecta parcialmente o valor ou o interese do trazo.

Degradado: o trazo mostra alteracións importantes aínda que conserva certo valor ou interese.

Fortemente degradado: implica a práctica destrución do trazo sen posibilidade de restauración.

Así mesmo, farase unha valoración sobre a vulnerabilidade e a protección do lugar.

Base para o establecemento dunha rede de lugares para uso científico e posible uso didáctico ou recreativo.

#### 5.e *Inventario español de patrimonio forestais. Catálogo de montes de utilidade pública (\*)*

Contido: relacións de montes segundo a tipoloxía da súa titularidade, tal como se define na Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes.

Inclúense:

A) Montes públicos:

A.I Montes públicos demaniais:

A.I.1 Montes públicos demaniais declarados de utilidade pública.

A.I.2 Montes públicos demaniais comunais (cando menos os maiores de 10 hectáreas).

A.I.3 Montes públicos demaniais afectados a un uso ou servizo público (cando menos os maiores de 10 hectáreas).

A.II Montes públicos patrimoniais (cando menos os maiores de 10 hectáreas).

B) Montes privados (cando menos os maiores de 150 hectáreas).

B.I Montes de particulares e sociedades en réxime ordinario.

B.II Montes de comunidades e sociedades de veciños (*pro indiviso*).

## C) Montes veciñais en man común.

Estrutura: información cartográfica con xeometría de polígonos e base de datos alfanumérica e documental asociada para cada un dos tipos de montes.

Periodicidade de actualización: continua.

Marco xurídico: Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes.

Outra información relevante: instrumento para a identificación e adscrición da situación xurídica da superficie forestal.

Para a conservación dos montes inclúe:

Inscripción nos rexistros públicos de montes protectores e de montes con outras figuras de protección especial.

Deslindamentos e marcaxes.

Desafectación demanial e prevalencias de utilidade pública.

Gravames e ocupacións.

Superficie de cada tipo de monte.

Dispón dunha serie histórica:

Catálogo de montes de utilidade pública.

Rexistro de montes protectores.

Inventarios de bens de entidades locais.

#### 5.f Rede de vías pecuarias

Contido: conxunto de vías pecuarias que fosen declaradas por un acto de clasificación.

Estrutura: información cartográfica, con xeometría de liñas e base de datos alfanumérica e documental asociada.

Periodicidade de actualización: continua.

Marco xurídico: Lei 3/1995, do 23 de marzo, de vías pecuarias.

Outra información relevante: inclusión na Rede nacional de vías pecuarias e outras categorías singulares, segundo a normativa autonómica.

Deslindamentos e marcaxes.

Desafectación demanial.

Intrusións.

Cuantificación da súa lonxitude e superficie.

Permitirá determinar a localización e estado das vías pecuarias por parte de gandeiros transhumantes e outros usuarios particulares, así como de administracións públicas, particularmente concellos.

Dispón dunha serie histórica:

Arquivo da Mesta (ata 1836).

Arquivo da Asociación Xeral de Gandeiros (ata 1931).

Fondo Documental de Vías Pecuarias.

Rede Nacional de Vías Pecuarias (desde 1995).

#### 5.g Zonas de alto risco de incendio

Contido: zonas de alto risco de incendios (ZAR) declaradas polas comunidades autónomas.

Estrutura: información cartográfica con xeometría de polígonos e base de datos alfanumérica e documental asociada.

Periodicidade de actualización: continua.

Marco xurídico: Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes.

Real decreto lei 11/2005, do 22 de xullo, de medidas urxentes en materia de incendios forestais.

Outra información relevante: o estado de conservación das ZAR determinarase en función da variación rexistrada na frecuencia de incendios forestais e a superficie afectada por estes en cada ZAR desde a súa declaración.

A cuantificación de ZAR establecerase segundo a porcentaxe de superficie forestal declarada ZAR en cada comunidade autónoma. Así mesmo, cuantificarase o número de ZAR con plan de defensa aprobado.

## 6. Efectos negativos sobre o patrimonio natural e a biodiversidade

### 6.a *Catálogo español de especies exóticas invasoras*

Contido: incluirá, cando exista información científica ou técnica que así o aconselle, todas aquelas especies ou subespecies exóticas invasoras que constitúan unha ameaza grave para as especies autóctonas, os hábitats ou os ecosistemas, a agronomía ou para os recursos económicos asociados ao uso do patrimonio natural.

Estrutura: información alfanumérica e documental xeorreferenciada.

Periodicidade de actualización: cando exista información científica ou técnica relevante, mediante o mecanismo que se estableza regulamentariamente.

A inclusión dunha especie no Catálogo levaraa a cabo o ministerio por proposta da Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade, logo dunha iniciativa das comunidades autónomas ou do propio ministerio.

Marco xurídico: Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, artigo 61.

Outra información relevante: a inclusión no Catálogo español de especies exóticas invasoras leva consigo a prohibición xenérica de posesión, transporte, tráfico e comercio de exemplares vivos ou mortos, dos seus restos ou propágalos, incluíndo o comercio exterior.

### 6.b *Danos forestais: redes nivel I e nivel II*

Contido: realización dun balance periódico sobre a variación do estado dos bosques tanto no espazo como no tempo e a súa relación cos factores de estrés (coa rede de nivel I).

Análise das relacións entre o estado de vitalidade dos ecosistemas forestais e os factores de estrés mediante un seguimento intensivo e continuo dos ecosistemas forestais (mediante a rede de nivel II).

Estrutura: nivel I: información cartográfica e alfanumérica con puntos en malla sistemática de 16 x 16 km.

Nivel II: información cartográfica con xeometría de polígonos en parcelas de mostraxe de 50 x 50 m.

Periodicidade de actualización: anual.

Marco xurídico: Convenio marco sobre contaminación transfronteiriza a longa distancia (CLRTAP) da Comisión Económica para Europa de Nacións Unidas (CEPE), subscrito (asinado e rubricado) por España.

Lei 34/2007, do 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atmosfera.

Outra información relevante:

Os datos e resultados son utilizados tanto a nivel nacional como internacional. A nivel internacional, envíanse ao centro coordinador do programa ICP- orests (CEPE de NNUU) e á CE, que é de grande importancia para a formulación de políticas forestais e ambientais e de xestión forestal sustentable, tal e como define a Conferencia Ministerial para a Protección dos Bosques en Europa (MCPFE). Tamén se realizaron contribucións ao Convenio de diversidade biolóxica (CBD) e foron pedidos por organismos de investigación europeos para o desenvolvemento de estudos e modelos.



## 6.c *Estatística xeral de incendios forestais (\*)*

Contido: incendios forestais e información asociada (parte incendio e parte/s de montes asociados). De cada incendio forestal ocorrido no territorio nacional obtéñense datos sobre os seguintes campos de información:

- Localización.
- Tempos (detección, chegada de medios, control e extinción).
- Detección (axente de detección e lugar).
- Causa do incendio.
- Condicións de perigo no inicio do incendio.
- Tipo de lume.
- Medios utilizados na extinción.
- Técnicas de extinción.
- Perdas (vítimas, superficies, efectos ambientais, incidencias de protección civil).
- Datos particulares do monte.
- Valoración de perdas (produtos madeireiros e outros aproveitamentos).
- Datos de espazos naturais protexidos afectados.

Información que permita coñecer a situación de terreos afectados por incendios forestais para asegurar o cumprimento do previsto no artigo 50 da Lei 43/2003, de montes.

Estrutura: información alfanumérica xeorreferenciada mediante coordenada xeográfica ou termo municipal. De maneira complementaria información cartográfica con xeometría de polígono.

Modelo de datos consensado no Comité de Loita contra Incendios Forestais (CLIF).

Periodicidade de actualización: anual.

Marco xurídico: Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes.

Outra información relevante: contén operacións estatísticas incluídas no Plan Estatístico Nacional.

Os datos e resultados son utilizados tanto a nivel nacional como internacional. A nivel internacional, envíanse ao Joint Research Centre (JRC) da CE, e é de grande importancia para a formulación de políticas forestais e ambientais e proporciona información para un certo número de criterios e indicadores de xestión forestal.

A base de datos de incendios forestais que conforma a estatística xeral de incendios contén datos desde 1968.

## 6.d *Inventario nacional de erosión de solos (\*)*

Contido: o Inventario nacional de erosión de solos realiza o estudo, a nivel estatal, dos principais procesos de erosión que afectan o territorio, tanto forestal como agrícola, cunha metodoloxía e características comúns para todo o territorio español.

Inclúe a súa cuantificación, cualificación e representación cartográfica, para cada un dos distintos procesos:

- Erosión laminar e en regueiros.
- Erosión en cavorcos e barrancos.
- Movimentos en masa.
- Erosión en leitos.
- Erosión eólica.

Estrutura: información cartográfica, con xeometría de polígonos e base de datos alfanumérica asociada.

Información cartográfica, en formato *raster*.

Periodicidade de actualización: cando menos decenal para todo o territorio español (segundo o artigo 28.6 de Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes).

Marco xurídico: Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes, artigo 28.1 relativo á estatística forestal española.

Outra información relevante: contén operacións estatísticas incluídas no Plan Estatístico Nacional.

A erosión laminar e en regueiros cuantifícase en perdas de solo (t/ha-ano).

Proporciona información relevante para a súa utilización en:

Desenvolvemento dos plans e programas de restauración hidrolóxico-forestal e loita contra a desertificación.

Plans de conservación de solos e control da erosión.

#### 6.e *Rexistro estatal de infractores de caza e pesca*

Contido: inscricións de oficio das persoas que fosen sancionadas por resolución firme, administrativa ou xudicial, en expediente incoado como consecuencia de infraccións tipificadas nas disposicións legais que leven consigo privación de licenza de caza ou inhabilitación. As inscricións serán remitidas polas comunidades autónomas que así o desexen ou que así o dispoñan na súa lexislación.

Datos do sancionado.

Tipo de infracción e cualificación.

Autoridade sancionadora.

Data da resolución sancionadora.

Sancións impostas e outras medidas adoptadas como indemnizacións, privación de licenza de caza ou inhabilitación.

A publicidade e tratamento destes datos estará sometida aos límites establecidos na materia, especialmente aos que impón a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Estrutura: información alfanumérica con referencia autonómica.

Periodicidade de actualización: continua.

#### 6.f *Rede de estacións experimentais de seguimento da erosión e a desertificación (RESEL)*

Contido: as estacións experimentais integradas na Rede son representativas das paisaxes erosivas de España. Nelas realízase o seguimento en continuo dos procesos vinculados á desertificación, o que permite obter un coñecemento directo dos fenómenos naturais e a súa alteración.

Consta dunha base de datos das estacións experimentais coas súas características e outra que recolle o seguimento dos procesos de cada ano.

Estrutura: base de datos alfanumérica e documental xeorreferenciada a coordenadas xeográficas das estacións experimentais.

Periodicidade de actualización: anual. De acordo co ano hidrolóxico (1 de outubro ao 30 de setembro).

Marco xurídico: Programa de Acción Nacional contra a Desertificación, PAND (Orde ARM/ 2444/2008, do 12 de agosto) no marco da Convención de Nacións Unidas de loita contra a desertificación, CNUCLD (ratificada BOE 11-feb-97).

Outra información relevante: utilízase para a planificación e deseño de medidas preventivas, de xestión e de restauración. Recomendacións de uso e xestión do territorio. Homoxeneización e validación de métodos, técnicas e instrumentación.

Para a maioría das estacións experimentais as series de datos iníciense no ano 1995.

## ANEXO II

### Compoñentes prioritarios (\*)

1. Estatística xeral de incendios forestais.
2. Inventario de espazos naturais protexidos, Rede Natura 2000 e áreas protexidas por instrumentos internacionais.
3. Inventario español de especies mariñas.
4. Inventario español de especies terrestres.
5. Inventario español de hábitats mariños.
6. Inventario español de hábitats terrestres.
7. Inventario español de patrimonio forestais. Catálogo de montes de utilidade pública.
8. Inventario forestal nacional.
9. Inventario nacional de erosión de solos.
10. Outros compoñentes da estatística forestal española.

## ANEXO III

### Compoñentes fundamentais

1. Catálogo español de especies exóticas invasoras.
2. Catálogo español de hábitats en perigo de desaparición.
3. Danos forestais. Redes nivel I e II.
4. Dominio público hidráulico.
5. Dominio público marítimo-terrestre.
6. Inventario de paisaxes.
7. Inventario español de bancos de material biolóxico e xenético referido a especies silvestres.
8. Inventario español de caza e pesca.
9. Inventario español dos coñecementos tradicionais.
10. Inventario español de lugares de interese xeolóxico.
11. Inventario español de parques zoolóxicos.
12. Inventario español de zonas húmidas.
13. Listaxe de especies silvestres en réxime de protección especial incluíndo o Catálogo español de especies silvestres ameazadas.
14. Mapa de solos do proxecto de loita contra a desertificación no Mediterráneo (LUCDEME).
15. Mapa forestal de España.
16. Rede de estacións experimentais de seguimento da erosión e a desertificación (RESEL).
17. Rede de vías pecuarias.
18. Rexistro estatal de infractores de caza e pesca.
19. Rexistro e catálogo nacional de materiais de base para a produción de material forestal de reprodución.
20. Zonas de alto risco de incendio.

## ANEXO IV

### Áreas temáticas en que se deberán agrupar os indicadores do sistema de indicadores

- a) Situación e tendencias do patrimonio natural e da biodiversidade.
- b) Indicadores de graos de ameaza ou de presións sobre o patrimonio natural e da biodiversidade.
- c) Integridade dos ecosistemas, bens e servizos dos ecosistemas.
- d) Nivel de eficiencia e uso sustentable dos recursos naturais.

- e) Acceso e repartición dos beneficios derivados do patrimonio natural e a biodiversidade.
- f) Recursos financeiros, científicos e técnicos en materia de xestión e conservación do patrimonio natural e a biodiversidade.
- g) Opinión pública e sensibilización no ámbito do patrimonio natural e da biodiversidade.